



## INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS DA SITUACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE INFANTIL E PRIMARIA DA CIDADE DE VIGO E SOBRE A CONVOCATORIA DE CONCENTRACIÓN ESCOLAR

### Prezadas familias:

A Asociación de Directoras e Directores de Colexios Públicos de Vigo (ADICOPUVI) e a Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais (FOANPAS) queremos facervos chegar a seguinte e importante información:

Dende hai varios anos e xa antes da pandemia mantivemos reunións coas autoridades responsables en materia de mantemento, conservación e novas obras (Concellería de Educación, Alcaldía e Xefatura Territorial de Educación de Pontevedra) co obxecto de dar a coñecer o estado de deterioro das instalacións públicas nos que día a día cerca de 5.000 estudantes dos centros educativos de infantil, primaria e educación especial desenvolven a súa vida académica e social.

Esta situación de déficit concrétase en deficiencias ambientais, eléctricas, de ventilación e climatización, de peche de recintos, de baños con falta de salubridade, caldeiras anticuadas e con avarías constantes, comedores con escaso espazo, de espazos axardinados sen mantemento, etcétera. En todas as reunións mantidas e incluso en estudos de auditoría realizados dende o propio Concello, confírmase esta realidade, ao mesmo tempo, que se comprometen accións que non se materializan e que fan aumentar, curso tras curso, as carencias nomeadas ou se proxecta a solución desta problemática en convenios entre Administracións que nunca chegan por falta de acordos conxuntos entre as mesmas. As condicións ambientais do traballo educativo e profesional están moi por debaixo da normativa de Saúde Laboral en canto a factores como temperatura, iluminación, ventilación e insonorización. A antigüidade dos centros educativos de Vigo, en moitos casos con máis de corenta anos de vida, non cumpre na maioría dos casos cuns estándares de confortabilidade axeitados para o desenvolvemento dos nenos e nenas da cidade en pleno século XXI.

Entre os temas que están a causar profundo malestar entre as comunidades educativas (*equipos directivos, equipos docentes, familias e ANPAS*) está a pésima e xa permanente xestión dos **porteiros vixiantes** dos centros escolares, unha figura histórica e integrada na vida dos centros que dotaba de autonomía á vida dos edificios escolares no seu mantemento, seguridade e coidado. A día de hoxe son **arredor de 28 dos 49 centros escolares da nosa cidade os que non teñen cuberta esta importante praza** e abocan aos centros a solventar con precariedade as súas tarefas diarias, proxectando unha imaxe de abandono e inseguridade. Os equipos directivos e os equipos educativos dos centros están a realizar tarefas de apertura, peche e vixilancia e tarefas complementarias que son competencia municipal, como así o reflexan os diferentes regulamentos educativos e administrativos. Este incumprimento provoca situacións complicadas e de seguridade en distintos momentos escolares: entradas, saídas, chegada e recollida de alumnado, etcétera. **O CEIP Escultor Acuña leva 18 meses sen a importante figura do porteiro vixiante** sen atopar unha resposta positiva do Concello de Vigo

A actual proposta do Concello de Vigo ante esta situación foi presentada aos medios o luns 27 de novembro e concrétase nun futuro servizo de mantemento externalizado de mantemento sen presenza permanente no centro que non solventa as necesidades dos centros e aboca aos mesmos a un modelo de xestión de carestía, inseguridade



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**CEIP GARCÍA BARBÓN**  
Serafín Avendaño, 20  
36201 VIGO – PONTEVEDRA  
TLF. 886111087- FAX. 886111091  
E-mail: ceip.garcia.barbon@edu.xunta.es

e desatención dos lugares onde crecen os futuros e futuras cidadás da nosa cidade. O proceso de licitación desta proposta non contou co diálogo e o consenso dos equipos directivos e da representación das familias, o que demostra unha actitude de escaso respecto e transparencia institucional.

Dende **ADICOPUVI** e **FOANPAS** demandamos do noso Concello unha intervención inminente nos edificios escolares, con orzamentos realistas e dialogando con todas as Administracións unha mellora definitiva, viable e moderna. A igualdade, a equidade social necesita dunha excelencia nas contornas escolares, que hoxe non temos.

**O vindeiro luns, 18 de decembro ás 17.30 horas na Praza do Rei (Concello de Vigo)** haberá unha concentración organizada por FOANPAS e ADICOPUVI na espera dunha solución institucional positiva e coherente. Agradecemos a todas as familias a vosa comprensión, colaboración e asistencia, de ser posible, na defensa da semente de igualdade social que nace e crece na escola pública.



## DEMANDA ANTE OS MEDIOS DA FIGURA DO PORTEIRO VIXIANTE NOS CENTROS

Cadena Ser: <https://cadenaser.com/galicia/2023/12/05/la-comunidad-educativa-se-une-ante-la-falta-de-conserjes-en-los-colegios-ahora-somos-nosotros-los-que-nos-pasamos-el-dia-arreglando-cosas-en-los-centros-radio-vigo/>

Faro de Vigo: <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2023/12/06/directores-anpa-urgen-concello-mejorar-95515555.html>

Diario Atlántico: <https://www.atlantico.net/articulo/vigo/mas-mitad-colegios-vigo-tiene-conserje-fijo/202312060530581010350.html>